

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 8 DE ABRIL DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Confección e Moda
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Audioloxía Protésica
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Patronaxe e Moda

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se crea o rexistro de explotacións leiteiras de calidade diferenciada

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se ordena á Asesoría Xurídica Xeral a interposición do recurso contencioso-administrativo contra a resolución do Ministerio de Economía e Facenda de data 10 de febreiro de 2010, na que se desestima a solicitude presentada pola Comunidade Autónoma de Galicia, onde se reclama a compensación da minoración de ingresos do sistema de financiamento ocasionada polas medidas normativas do Estado durante o período 2002-2008

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se establecen instrucións relativas ao nomeamento dos membros de tribunais dos procesos selectivos e ao seu funcionamento interno

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se declara a desistencia do Plan Territorial Integrado do Val de Rábeda (Ourense)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, para a execución da seguinte actuación: obras de infraestrutura e equipamentos no Concello de Viveiro por importe de un millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para o financiamento e execución dos proxectos de urbanización, abastecemento e saneamento nos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante, por importe de catorce millóns cento oitenta mil douscentos oitenta e un euros con trinta e oito céntimos (14.180.281,38 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cervo para a execución da obra de *saneamento no núcleo da Senra. Parroquia de Cervo (Lugo)*, clave OH.327.587, por importe de catrocentos sesenta e cinco mil nove euros con cinco céntimos (465.009,05 €)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello da Peroxa (Ourense) para actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Saneamento na Peroxa por importe de 289.000,00 €

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) á reorientación e competitividade das pemes galegas, en parte cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe de subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Cruz Vermella de Galicia, para execución do Programa de familias acolledoras, dirixido ao acollemento en familia allea de menores en situación de risco ou desamparo, e se autoriza a concesión dun anticipado do 30% do pagamento da subvención no momento da sinatura

INFORMES**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a impugnación da Orde da ministra de Economía y Hacienda pola que se acorda conceder anticipos dos recursos adicionais do novo modelo de financiamento no exercicio 2010

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA HOMOXENEIZARÁ OS UNIFORMES, ACREDITACIÓNS E MEDIOS TÉCNICOS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL DE GALICIA**

- *Será mediante un decreto que desenvolve a Lei de coordinación de policía locais, no que tamén se inclúen os auxiliares de policía local e os vixiantes municipais*
- *Os concellos terán un prazo de 2 anos para adaptar os uniformes e acreditacións e 3 para os vehículos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal o decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos. Este decreto é de aplicación aos corpos de policía locais dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e ao seu persoal, así como a vixilantes municipais e auxiliares de policía local e ten un período de adaptación de dous anos para a uniformidade e acreditacións e tres anos para a homoxeneización relativa aos vehículos.

A Xunta de Galicia considera prioritario concretar de xeito homoxeneizado a identidade específica e distintiva dos corpos de policía local de Galicia, mediante unha imaxe corporativa común que individualice instalacións, medios, distintivos externos e uniformidade dos policía locais e os distinga doutros corpos de seguridade, así como de colectivos ou traballadores de institucións públicas ou empresas privadas. Esta imaxe corporativa única e homoxénea constituirá un símbolo identitario ante a cidadanía.

Recóllese no texto o uso exclusivo da uniformidade polo persoal de policía local cando estea de servizo ou sexa autorizado para iso. Non se permite a utilización de roupas ou pezas de uniformidade e emblemas, iguais ou semellantes, por parte de institucións públicas, empresas privadas ou persoas particulares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Establécense dous tipos de uniformidade: de traballo e de gala ou de representación. Nos concellos que así o consideren por tradición ou protocolo especial, poderá establecerse unha uniformidade especial de gala. Nas pezas do uniforme portaranse as insignias identificativas dos corpos das policía locais, constituídas pola placa co escudo do concello correspondente e os escudos de brazo, que será o da Xunta de Galicia no brazo dereito e o do concello no esquerdo. Nas pezas de cabeza irá o escudo do concello.

As insignias e divisas para a identificación externa do persoal de policía local constitúen os distintivos básicos para que, dentro da homoxeneidade entre todos os corpos de policía local de Galicia, se poida diferenciar o persoal pertencente a cada corpo ou concello.

O decreto tamén regula os medios técnicos, que son os aparellos, elementos e sistemas que o persoal de policía utiliza para cumprir mellor coas súas obrigas. Poderán ser para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

uso individual ou de dotación colectiva, pero todos eles deberán cumprir coas características ou especificacións técnicas ás que obriguen as normas vixentes. Establécese un censo de medios, uns obrigatorios e outros optativos, que completan as necesidades dos corpos de policía local. Singularmente, prestarase especial atención aos vehículos utilizados, como elemento máis visible e identificativo despois da uniformidade, cunha mención especial ás armas.

Vixilantes municipais

Naqueles concellos en que non exista corpo de policía local, establece a Lei 4/2007 que se poderá optar pola figura do vixilante municipal. A uniformidade deste persoal distínguese da do persoal de policía de maneira que non utilizará logotipo, nin placa metálica, nin armas de fogo, entre outras excepcións. A uniformidade dos vixilantes municipais poderá conter as pezas sinaladas para o persoal dos corpos de policía local, en funcións das súas necesidades e segundo determine o concello ao que pertencen, pero distinguiranse claramente nos seguintes aspectos: non utilizarán logotipo, levarán a lenda "vixilante municipal", as ombreiras serán de cor azul clara, co escudo do concello impreso nelas, non poderán levar armas de fogo, os vehículos non levarán logotipo, pero nas portas dianteiras irá o escudo do concello e debaixo a lenda "Vixilancia municipal".

Auxiliares de policía local

En canto aos auxiliares de policía local, persoal contratado temporal por aqueles concellos que o necesiten, a súa uniformidade será a mesma do persoal de policía, pero existirá unha apreciable distinción manifestada na lenda externa dos auxiliares, na carencia de ombreiras e de placa-emblema, e tamén en que non poderán levar nin utilizar armas de fogo, entre outras excepcións.

A uniformidade dos auxiliares de policía local será a mesma do persoal dos corpos de policía local, en funcións das súas necesidades, da época en que sexan contratados e segundo determine a xefatura de Policía Local, pero distinguiranse nos seguintes aspectos: levarán a lenda "Auxiliar de Policía Local", non levarán distintivos nas ombreiras, non poderán levar armas de fogo, pero si os medios de dotación que considere o concello ou a xefatura do corpo de acordo coas súas concretas funcións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PORÁ EN VALOR A FP COA ADAPTACIÓN DE NOVOS CURRÍCULOS E A APROBACIÓN DUN NOVO DECRETO QUE REGULE ESTAS ENSINANZAS**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos títulos de técnico en Confección e Moda, técnico superior en Patronaxe e Moda, e técnico superior en Audioloxía Protésica*
- *A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa continúa a traballar na adaptación de oito novos títulos, co obxectivo de mellorar a oferta educativa*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á adaptación á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións e a formación profesional de tres novos currículos de formación profesional, correspondentes aos títulos de técnico en Confección e Moda, técnico superior en Patronaxe e Moda, e técnico superior en Audioloxía Protésica. Así mesmo, o temario da Comunidade Autónoma de Galicia queda harmonizado co Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais, cunhas titulacións preparadas ás esixencias dos diferentes campos profesionais, e que dan resposta á realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo, o que favorece unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Deste xeito, ponse un punto e seguido a un proceso de reforma e modernización da FP, que ata o momento adaptou 20 ciclos formativos nesta lexislatura e harmonizou con eles outros 6 xa modificados polo goberno anterior. Nesta liña, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa está a traballar sobre oito novos currículos cos que mellorar a oferta e poñer en valor estes estudos, e situar Galicia entre as primeiras comunidades autónomas en ter adaptado todos os títulos autorizados polo Ministerio de Educación. Esta estratexia complementábase coa próxima aprobación dun novo decreto que regulará a formación profesional, introducindo nos ciclos formativos as linguas estranxeiras e que recolle promover o espírito emprendedor entre os estudantes, nos que se desenvolverá ademais unha identidade profesional que os leve a interesarse por unha aprendizaxe continua, adaptándose á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

Profesionais máis cualificados

Ao abeiro das modificacións realizadas nos currículos, nos devanditos ciclos formativos de grao medio e superior quedan perfectamente definidos a identificación do título, o seu perfil profesional, o ámbito profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención. Quedan fixados tamén os obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe en cada módulo, de tal forma que obteñan a cualificación precisa para desenvolver o seu labor con éxito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Así mesmo, os novos currículos inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo do centro, de acordo coas esixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Por outra banda, quedan establecidos os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias. Neste sentido, ábrese a posibilidade de acceder aos estudos universitarios desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior; e a de validar os estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios ECTS -Sistema Europeo de Transferencia de Créditos-. O obxectivo é o de fomentar a mobilidade desde a FP cara a outros estudos, unha tendencia que se está a xeneralizar na Unión Europea e na OCDE.

O CONSELLO APROBA O DECRETO DE MEDIO RURAL POLO QUE SE CREA O REXISTRO DE EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS DE CALIDADE DIFERENCIADA

- *Con esta medida búscase achegar transparencia ao mercado do leite e contribuír a revalorizar as ganderías galegas que traballan para ofrecer ao consumidor un produto de alta calidade*
- *Neste rexistro inscribíranse de oficio as explotacións leiteiras que, no marco de plan de controis oficiais da calidade do leite cru de vaca efectuados polos servizos veterinarios da Xunta, superen os parámetros de calidade esixidos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a publicación, por parte da Consellería do Medio Rural, dun decreto polo que se crea o rexistro de explotacións leiteiras de calidade diferenciada. Con esta medida búscase achegar transparencia ao mercado e contribuír a revalorizar as ganderías galegas que traballan para ofrecer ao consumidor un produto de alta calidade.

Neste rexistro inscribíranse de oficio as explotacións leiteiras que, no marco de plan de controis oficiais da calidade do leite cru de vaca efectuados polos servizos veterinarios da Xunta, superen os parámetros de calidade esixidos polo devandito decreto.

Requisitos

Os requisitos para as explotacións son tres, en concreto: estar en posesión da carta verde de saneamento gandeiro; non ter sido obxecto de sanción por incumprimentos en materia de condicionalidade, sanidade e benestar animal e seguridade alimentaria durante os últimos seis meses, contados desde o día seguinte ao que adquira firmeza; e dispor dun historial de cumprimento acreditado duns parámetros técnicos que se especifican no propio decreto en canto á calidade do leite, no que atinxe a aspectos como as colonias de vermes, o contido de células somáticas ou os residuos de antibióticos.

Para a incorporación de datos no rexistro os laboratorios de análise rexistrados en Galicia deberán comunicar á dirección xeral competente en materia de gandería, no prazo establecido en cada caso, a información técnica relativa ao seguimento dos anteditos parámetros de calidade.

Saúde pública

A creación do rexistro enmárcase na protección da saúde pública dentro da produción alimentaria en xeral e leiteira en particular, e parte da base de que o mercado europeo valora cada día máis a produción de alimentos baixo sistemas integrais de calidade, que consideren a sanidade e o benestar animal xunto coa protección ambiental. Ten que ver, ademais, coa normativa comunitaria que regula os controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, así como con aqueles que buscan garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre a saúde animal e benestar dos animais.

A XUNTA PRESENTARÁ UN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PARA RECLAMAR 1.272 MILLÓNS DE EUROS POLA MINORACIÓN DE INGRESOS COAS MEDIDAS FISCAIS APROBADAS POLO ESTADO NO PERÍODO 2003-2008

- *O Executivo autonómico cre afectados os principios de lealdade institucional e o de suficiencia financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias*

A Xunta de Galicia vai presentar un recurso por vía contencioso – administrativa contra o Goberno central motivado pola denegación da solicitude da Comunidade galega de 1.272,78 millóns de euros para compensar a minoración de ingresos do sistema de financiamento ocasionada polas medidas normativas do Estado durante o período 2003-2008.

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá -a través da Consellería de Facenda- a Asesoría Xurídica Xeral para interpoñer este recurso contra a resolución do Ministerio de Economía y Hacienda do 10 de febreiro de 2010 ao ver afectados os principios de lealdade institucional e o de suficiencia financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias.

O Executivo galego realizou unha estimación inicial das perdas recatorias que considera que lle provocaron as normas fiscais aprobadas polo Goberno Central que ascende aos 1.272,78 millóns de euros, ante o incumprimento por parte deste de valorar o seu impacto.

Deste importe, máis de 848 millóns de euros corresponden co Fondo de Suficiencia, algo máis de 387 millóns de euros de IRPF, 13,3 do imposto especial sobre determinados medios de transporte, 10,5 do imposto de patrimonio, 6,5 millóns de euros dos impostos especiais de fabricación e outros 6,3 do IVE.

Neste marco e despois de levar a cabo esa valoración, a Xunta presentou o 11 de decembro de 2009 un escrito ante o Ministerio de Economía y Hacienda no que solicitaba unha compensación pola perda na recadación dos tributos cedidos motivada pola adopción de medidas normativas por parte do Estado desde o ano 2003 ata o 31 de decembro de 2008.

Antecedentes

Despois da aprobación do novo sistema de financiamento autonómico o Goberno central concedeu á comunidade de Aragón 500 millóns de euros polas perdas recatorias ocasionadas pola política fiscal do Estado, é dicir, polas repercusións que podían ter sobre as contas aragonesas as baixadas dos impostos cedidos.

A Xunta de Galicia entende que esta acción entraña unha discriminación para o resto de autonomías, xa que rompe co principio de igualdade entre comunidades autónomas expresado no artigo 138 da Constitución española.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, a Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas insiste en que o sistema de ingresos deberá establecerse de xeito que non poida implicar en ningún caso privilexios económicos ou sociais e salienta os principios de solidariedade e lealdade institucional.

Neste marco, o principio de lealdade institucional dá lugar a que as medidas adoptadas polo Estado que orixinen unha redución de ingresos tributarios das comunidades autónomas., ou un incremento dos seus gastos, sexan obxecto dunha valoración e da conseguinte compensación.

A XUNTA FOMENTA A INSERCIÓN LABORAL DE DISCAPACITADOS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA E NAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS

- *No caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións terán preferencia na adxudicación dos contratos públicos as empresas que conten no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%*

A Xunta de Galicia fomentará a contratación de persoas con discapacidade a través dun acordo aprobado no Consello de hoxe que determina a inclusión de medidas de inserción laboral de discapacitados nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación e nas bases reguladoras de convocatorias de subvencións efectuadas pola Comunidade Autónoma galega.

Este acordo dispón que os órganos de contratación da Administración pública de Galicia e os organismos dependentes dela dará preferencia na adxudicación dos seus contratos ás empresas que conten no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%. Este trato favorable darase no caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións desde o punto de vista dos criterios obxectivos e aparecerá recollido nos pregos de contratación. No caso de que varias empresas se encontren nesta circunstancia terá preferencia o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

A relación laboral con persoas con discapacidade acreditarase no momento da licitación mediante a achega, por parte das empresas, dunha declaración responsable do número de traballadores fixos con discapacidade e a porcentaxe que estes representan sobre o total do seu persoal; unha relación nominal de todos os seus traballadores e daqueles fixos con discapacidade; así como a resolución ou certificación acreditativa do grao de vixencia da discapacidade e os contratos de traballo destas persoas.

Ademais, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os contratos que se formalicen coas empresas adxudicatarias farán constar a condición de manter a vixencia da porcentaxe de traballadores fixos discapacitados durante o tempo que dure a execución da prestación obxecto do contrato adxudicado. O incumprimento desta condición será causa de resolución da adxudicación.

O acordo tamén dispón que as entidades beneficiarias de subvencións poderán subcontratar ata o 70% da actividade subvencionada con empresas dedicadas á promoción e inserción laboral de discapacitados ou persoas en situación de exclusión social. As subcontratacións faranse coas condicións normais de mercado e logo da autorización da persoa titular do órgano que concede a subvención. No escrito de solicitude a entidade beneficiaria deberá facer constar os beneficios sociais e as vantaxes que a subcontratación achega á mellora da eficiencia na utilización dos recursos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Para a realización deste acordo, tívose en conta o disposto en materia de inserción laboral de discapacitados tanto na Lei de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; como na Lei de contratos do sector público e na de subvencións de Galicia.

A XUNTA AUMENTA AS ESIXENCIAS PARA FORMAR PARTE DUN TRIBUNAL DE OPOSICIÓN PARA REFORZAR AS GARANTÍAS DE ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA

- *A Xunta non permitirá que un opositor sexa membro ao mesmo tempo dos tribunais de selección de calquera proceso selectivo*
- *Tamén impedirá que poida pertencer a un grupo profesional inferior ao do obxecto da convocatoria*
- *Tampouco poderán ser membros de tribunais aquelas persoas en que conorra a circunstancia que na mesma convocatoria participe algún familiar*
- *Función Pública non detectou casos que infrinxan a actual normativa de 2007, pero busca unha mellora permanente dos procesos selectivos*
- *Crearase unha comisión técnica que analizará e propondrá posibles melloras dos procesos selectivos*

A Xunta de Galicia incrementará as esixencias para formar parte dun tribunal de oposicións para reforzar as garantías de acceso á Función Pública. O Goberno galego implantará novas medidas a pesar de que non detectou ningún caso que infrinxa a normativa do ano 2007, pero co fin de evitar que se poidan dar situacións non desexables.

O Consello da Xunta aprobou hoxe establecer instrucións relativas ao nomeamento dos membros dos tribunais de oposicións e ao seu funcionamento interno, que terán vixencia para todos os procesos selectivos da Administración autonómica.

Así, o Executivo autonómico non permitirá que ningunha persoa que estea participando como opositor nun proceso selectivo da Administración autonómica poida facelo como membro dos tribunais de calquera proceso que se estea realizando ao mesmo tempo.

O Goberno galego tamén impedirá que un membro do tribunal de selección, tanto para persoal funcionario como laboral, poida pertencer a un grupo profesional inferior ao grupo que é obxecto da convocatoria.

Aquelas persoas seleccionadas para formar parte dun tribunal nunha convocatoria de emprego público da Administración autonómica deberán eximirse da súa participación nel no caso de que nesa mesma convocatoria participe como aspirante algún familiar ata o segundo grao de consanguinidade e afinidade.

Novas esixencias

Outra das novas esixencias en todos os procesos selectivos será que aqueles traballadores da dirección xeral organizadora que sexan admitidos como aspirantes nun proceso deberán poñelo en coñecemento da Dirección Xeral organizadora para que se adopten, de ser necesarias, medidas que garantan a seguridade do proceso e que os aspirantes accedan á prazas cumprindo os criterios de igualdade, mérito e capacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O mesmo terán que facer as persoas implicadas na organización dun proceso selectivo e que teñan familiares ata o segundo grao de afinidade ou consanguinidade que participen como aspirantes no proceso.

Por outra banda, todas as persoas relacionadas coa organización dun proceso selectivo, agás as tarefas de vixilancia de exame, non poderán preparar opositores para o mesmo nin colaborar en actividades que teñan tal fin. En caso de que a súa participación se limite a tarefas de vixilancia, deberán poñer en coñecemento da dirección organizadora do proceso a realización e descrición da dita actividade para garantir a seguridade.

Mellora continua do proceso

Constituirase ademais unha comisión técnica de mellora dos procesos selectivos, con participación dos axentes sociais, que analice, defina e promova a adopción de novas medidas que faciliten a mellora continua do proceso.

A Dirección Xeral da Función Pública deixa claro que non se detectaron casos que infrinxan a normativa vixente na materia e non existe ningún defecto legal na composición dos tribunais, pero avoga por realizar os cambios precisos para reforzar as garantías de acceso á Función Pública.

As actuais instrucións de funcionamento de actuación dos tribunais de selección datan do 11 de abril de 2007. Ante posibles disfuncións ou situación non desexables que poidan derivar da aplicación destas instrucións e debido a que poden crear dúbidas na obxectividade e imparcialidade dos tribunais de selección das oposicións que se realizan na Administración autonómica galega, a Xunta levará a cabo estas modificacións.

A intención da Dirección Xeral de Función Pública é realizar as modificacións necesarias na busca da mellora permanente das garantías de acceso á Administración autonómica a través dos procesos selectivos e que respondan aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

A XUNTA DESENVOLVERÁ OS PARQUES EMPRESARIAIS DE TABOADELA E PADERNE DE ALLARIZ (OURENSE) A TRAVÉS DOS SEUS PROXECTOS SECTORIAIS

- *O Consello da Xunta aprobou a desistencia do Plan Territorial Integrado (PTI) Val da Rabeda dados os grandes impedimentos para levalo a cabo*
- *Os parques de Taboadela e Paderne de Allariz, que se atopan incluídos no Plan de Solo Empresarial 2009-2015, formaban parte do PTI*
- *O ámbito previsto polo PTI do que se desiste está afectado por dúas liñas de alta tensión, xacigos arqueolóxicos e o trazado da liña do AVE*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, desenvolverá o parque empresarial de Taboadela e o Campus Industrial de Paderne de Allariz a través dos seus proxectos sectoriais, unha vez que o Consello da Xunta tomou o acordo de desistir da tramitación do Plan Territorial Integrado (PTI) do Val da Rabeda, iniciado en 2007 sen ter en conta as necesidades reais da zona e os condicionantes que imposibilitan o seu desenvolvemento.

Os parques empresariais de Taboadela e Paderne de Allariz xa foron incorporados ao Plan de Solo Empresarial 2009-2015, que se atopa en fase de elaboración. Segundo o dito plan, cada un destes parques superará 1,1 millóns de metros cadrados, dando resposta ás necesidades de solo empresarial da zona.

Un plan territorial sobredimensionado

O Plan Territorial Integrado do Val da Rabeda cuxa desistencia aprobou hoxe o Consello da Xunta naceu como un plan sobredimensionado e carente de rigor ao non ter en conta as importantes afeccións da zona, que imposibilitarían o seu desenvolvemento sen incorrer en grandes custos adicionais que farían inviable a venda das parcelas resultantes, dado os excesivos prezos que fan resultar.

Entre as principais cuestións que imposibilitarían o desenvolvemento do PTI están as dúas liñas eléctricas que atravesan o lugar, a existencia de restos arqueolóxicos que é preciso conservar ou as afeccións pola liña ferroviaria de alta velocidade.

No ámbito do PTI existen dúas liñas eléctricas. Unha de 132 kv (quilovoltios) e outra de 400 kv, pertencentes respectivamente a Fenosa e Redesa. O plan prevía o soterramento da primeira, pero no segundo caso limitábase a formular un recuamento desta mesma, prevendo que baixo o tendido eléctrico se situasen parcelas de uso industrial, algo que está absolutamente prohibido pola normativa. Ao mesmo tempo, o custo do soterramento dunha liña e o recuamento da outra ten un custo tan elevado que a súa repercusión sobre o custo das parcelas faría inviable a súa venda.

Doutra banda, no ámbito da actuación existen diversos xacigos arqueolóxicos que é preciso conservar, polo que todas as zonas onde se atopan estes deberían destinarse a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

zonas verdes, reducindo as superficies útiles e incrementando aínda máis os prezos de venda.

Finalmente, o ámbito está tamén afectado polo trazado da vía ferroviaria de alta velocidade.

O PTI non só prevía solo empresarial, senón tamén un polígono residencial de 105 hectáreas (1,05 millóns de metros cadrados) destinado á creación de 1.409 vivendas. Esta previsión resulta absolutamente desproporcionada, especialmente se temos en conta as previsións contidas no Plan Sectorial de Solo Residencial elaborado tamén pola anterior Consellería de Vivenda, que unicamente estimaba unha demanda de 126 vivendas no concello de Allariz e ningunha nos de Taboadela, Paderne de Allariz e San Cibrao das Viñas, os outros concellos afectados polo PTI.

Finalmente o PTI do que se desiste prevía destinar 41 hectáreas (410.000 metros cadrados) a un polígono agropecuario no que situar hortas para a explotación por parte de habitantes sen terra propia. Evidentemente esta actuación esta fóra de tidas as competencias tanto do IGVS como da antiga Consellería de Vivenda.

Por estas razóns o Consello da Xunta decidiu desistir da tramitación e desenvolver por medio dos seus proxectos sectoriais o parque empresarial de Taboadela e o Campus Industrial de Paderne de Allariz, dado que a redacción de novos proxectos sectoriais permitirá adaptar ambas actuacións á situación real e aos condicionantes que presenta a zona.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 1.250.000 EUROS NAS INFRAESTRUTURAS URBANAS DO CONCELLO DE VIVEIRO

- *As obras consistirán en sete actuacións, tres no propio núcleo urbano de Viveiro e outras catro nas parroquias de Celeiro, Galdo, Pallaregas- Covas e Celeiriño*
- *Esta actuación ten por finalidade racionalizar o crecemento dos asentamentos e das actividades comerciais, así como mellorar a calidade de vida dos habitantes do Concello*
- *O prazo para a finalización das obras remata o 31 de decembro de 2011*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para as melloras das infraestruturas e os equipamentos urbanos neste municipio. Medio Ambiente destinará 1.250.000 euros a este proxecto, distribuídos en dúas anualidades; 600.000 euros no presente ano e 650.000 no vindeiro 2011. As obras serán executadas pola Deputación.

As sete actuacións que se enmarcan dentro deste proxecto terán por finalidade racionalizar o crecemento dos asentamentos e das actividades comerciais, así como mellorar a calidade de vida dos habitantes do concello. Concretamente, as obras levaranse a cabo no propio núcleo urbano de Viveiro e nas parroquias de Celeiro, Galdo, Pallaregas- Covas e Celeiriño.

Obras no núcleo urbano de Viveiro

No núcleo urbano de Viveiro faranse tres actuacións de grande importancia. A primeira será no núcleo histórico da vila, na rúa Irmáns Vilar Ponte, fronte á igrexa de Santa María. A obra consistirá na rehabilitación da cuberta do patio interior, así coma o interior das dúas plantas dun edificio de titularidade municipal. O investimento será de 150.000 euros.

Outra das actuacións será na estrada de Xunqueira a Magazos, que dá acceso ao núcleo histórico de Viveiro. O crecemento da poboación de Xunqueira fixo que os servizos urbanos quedasen obsoletos, polo que é necesario uniformar o pavimento das beirarrúas, mellorar o mobiliario urbano e a reposición das luminarias. A mellora do pavimento das beirarrúas permitirá o acceso das persoas con discapacidade física, e a reposición das luminarias posibilitará reducir o consumo enerxético adoptando bombillas de baixo consumo. O investimento para esta actuación será de 300.000 euros.

Por último, Medio Ambiente destinará 100.000 euros ao acondicionamento e mellora da 2º planta do Conservatorio Municipal de Viveiro. A construción consta de planta baixa e tres plantas máis cunha superficie de 400 metros cadrados cada unha. Con esta obra mellorarase o pavimento de madeira substituíndoo por outro novo, farase un falso teito, repoñeranse as portas das aulas e sanearase a instalación eléctrica así como as ventás da fachada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Obras nas parroquias de Celeiro, Galdo, Pallaregas- Covas e Celeiriño**

Na parroquia de Celeiro levarase a cabo a creación dun novo campo de fútbol para o disfrute dos cidadáns. O lugar elixido para este proxecto atópase nun predio de 32.000 metros cadrados, no lugar de Lavandeiras. O importe destinado será de 200.000 euros.

Os habitantes da parroquia de Galdo beneficiaranse da mellora da súa rede de saneamento, instalando novos colectores que poidan abastecer a dispersa poboación do lugar e que eviten as verteduras incontroladas provocadas pola deficiente instalación actual. O custo dos novos colectores será de 150.000 euros.

En Pallaregas, parroquia de Covas, levarase a cabo a ampliación da rede de sumidoiros xa que non dá abasto co crecemento de novas edificacións e vivendas unifamiliares nos últimos anos. O importe da actuación será de 100.000 euros.

En Celeiriño as obras irán encamiñadas a rexenerar o ámbito urbano, xa que as vivendas que o conforman teñen unha singularidade especial. Ademais, acometeranse melloras na rede de saneamento, abastecemento de auga e subministración eléctrica. O investimento nesta parroquia será de 250.000 euros.

Obrigas das administracións

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiará a actuación cunha achega total de 1.250.000 euros repartidos en dúas anualidades, unha de 600.000 neste ano e outra o vindeiro 2011 de 650.000 euros. Ademais, poderá inspeccionar as obras en calquera momento.

A Deputación Provincial de Lugo procederá á execución, contratación, dirección e control das obras, así como ás achegas que sexa preciso fornecer a maiores, que serán compatibles coa partida da Xunta de Galicia. Terá, ademais, a obriga de presentar os xustificantes que acrediten o gasto e a recepción das obras rematadas. Así mesmo deberá comunicar as subvencións recibidas doutras entidades tanto privadas como públicas.

O Concello de Viveiro deberá proporcionar os proxectos técnicos das obras, obter as autorizacións e os permisos necesarios, así como asumir os custos que sexan precisos para resolver estes trámites.

O convenio rematará o vindeiro 31 de decembro do 2011. Establecerase, por último, unha Comisión de Seguimento das obras formada por un representante de cada unha das administracións.

O CONSELLO APROBA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XUNTA, DEPUTACIÓN E CONCELLO DE BARREIROS PARA DOTAR DE SERVIZOS MÍNIMOS OS NÚCLEOS DE SAN COSME, SAN PEDRO, SAN MIGUEL DE REINANTE E REINANTE

- *Con este acordo, as administracións implicadas establecen as bases para planificar, proxectar, financiar e executar os proxectos de urbanización, abastecemento e saneamento destes núcleos*
- *Medio Ambiente, Augas de Galicia, Deputación de Lugo, Concello de Barreiros e promotores investirán máis de 14 millóns de euros para levar a cabo os traballos necesarios*
- *A achega do Goberno galego inscríbese nas actuacións de dotación de equipamentos que a Xunta está a realizar nos concellos de Galicia*
- *A Xunta de Galicia e a Deputación Provincial xa teñen concretada unha parte da súa achega para este mesmo ano, e rematarán os investimentos no ano 2013. Pola súa banda, o concello de Barreiros empezará as súas achegas no exercicio 2011*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros para financiar e executar os proxectos de urbanización, abastecemento e saneamento que proporcionen aos veciños de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante os servizos básicos necesarios para o desenvolvemento da súa vida diaria.

Esta actuación suporá un investimento de máis de 14 millóns de euros, dos cales 6,2 millóns de euros serán achegados polos promotores; 5,6 serán proporcionados pola Xunta; 1,2 pola Deputación Provincial e 1 millón de euros polo Concello de Barreiros. Con base neste convenio articularase un procedemento administrativo que proporcionará a Barreiros as infraestruturas suficientes ás que os seus cidadáns teñen dereito e que garantirán o crecemento sustentable e ordenado deste concello. A Xunta de Galicia e a Deputación Provincial xa teñen concretada unha parte da súa achega para este mesmo ano, e rematarán os investimentos no ano 2013. Pola súa banda, o concello de Barreiros empezará as súas achegas no exercicio 2011.

A achega do Goberno Galego inscríbese nas actuacións de dotación de equipamentos que a Xunta está a realizar nos concellos de Galicia.

Actuacións concretas

Con este convenio procederase á urbanización, abastecemento e saneamento dos núcleos urbanos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante. Concretamente, preséntanse os seguintes equipamentos:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

San Cosme	<ul style="list-style-type: none">• 1.675 ml de rede de saneamento• Ampliación da depuradora de San Cosme en 2000 h-e.• 5.286 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)
San Pedro	<ul style="list-style-type: none">• 526 ml de rede de saneamento• 2.388 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)
San Miguel	<ul style="list-style-type: none">• 3.379 ml de rede de saneamento• Nova depuradora de 6.000 h-e• 3.090 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)
Reinante	<ul style="list-style-type: none">• 163 ml de rede de saneamento• 2.122 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros acordaron ademais promover un Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal como vía máis axeitada de planificación territorial para solucionar o urbanismo neste concello da Mariña lucense e realizar as obras citadas.

As tres administracións pretenden, con esta medida, executar un procedemento administrativo que mellore o solo urbano existente, para dotalo das infraestruturas suficientes e así despxear toda dúbida sobre a súa aptitude como soporte á edificación residencial proxectada.

O plan sectorial terá como obxecto establecer as condicións xerais para o desenvolvemento posterior da urbanización a través de catro proxectos sectoriais correspondentes aos catro núcleos urbanos antes mencionados. Deste xeito, presentarase unha actuación concreta e determinada para cada núcleo, cun nivel de detalle propio dos proxectos de urbanización.

Situación urbanística de Barreiros

As Normas subsidiarias do Concello de Barreiros aprobáronse en outubro de 1994, polo que non están adaptadas á vixente lexislación urbanística e non establecen distinción entre as categorías do solo urbano consolidado e non consolidado.

A gran actividade edificatoria dos últimos anos e a insuficiencia de servizos nos núcleos urbanos (redes de saneamento e depuración de augas residuais, abastecemento de auga, potencia na subministración de enerxía eléctrica) determinaron que o Consello da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Xunta de Galicia -por Decreto 15/2007, do 1 de febreiro-, suspendese a vixencia das normas subsidiarias e aprobase unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun PXOM acorde coa lexislación vixente.

AUGAS DE GALICIA INVISTE 465.000 EUROS NA EXECUCIÓN DUNHA DEPURADORA E COLECTORES PARA A MELLORA DO SANEAMENTO DA SENRA, EN CERVO

- *As obras, cun prazo de execución de 6 meses, benefician un total de 300 habitantes*
- *Os traballos consisten na construción dunha rede separativa na localidade da Senra e dunha planta depuradora de augas residuais para o anterior núcleo e tamén para A Pena*
- *Os fins primordiais destas actuacións son proporcionar mellores condicións de vida aos cidadáns e fomentar o desenvolvemento económico dos municipios galegos*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un convenio de colaboración técnico- financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cervo para a execución das obras de saneamento no núcleo da Senra.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, realiza unha achega económica de máis de 465.000 euros distribuídos en dúas anualidades; corresponde unha achega de 265.000 euros no presente 2010, e 200.000 euros no vindeiro 2011. Isto supón que a Xunta de Galicia financia o 100% do proxecto hidráulico.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante estes investimentos, pretende resolver as carencias en infraestruturas en concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiarlas. Así, proporciona mellores condicións de vida aos habitantes e fomenta o desenvolvemento económico dos municipios galegos. Neste caso, os cidadáns directamente beneficiados son os 300 veciños do núcleo de A Senra.

Actuacións

As obras obxecto da citada proposta consisten na construción dunha rede separativa na Senra e dunha planta depuradora de augas residuais para o anterior núcleo e tamén para A Pena. As actuacións recollen a instalación de colectores por gravidade, formando unha rede separativa de 2.875 m de colectores de PVC para levar as augas residuais da Senra ata a depuradora principal. Esta depuradora tamén se proxecta para recibir as augas da localidade da Pena, que actualmente carece de saneamento.

A depuradora localizarase na marxe do rego de Senra, e verterá a un regato a través dunha tubaxe. Trátase dun modelo soterrado con capacidade para 300 habitantes e cunha arqueta na entrada. A depuración realízase por oxidación- decantación con recirculación de fangos e pozo de rexistro posterior para a toma de mostras do efluente depurado. A retirada de fangos prevese cada 6 ou 7 meses aproximadamente. Ademais, a parcela dotarase dun peche perimetral de malla galvanizada de 2 m de altura.

Por outra parte, colocarase unha depuradora unifamiliar e debido á excesiva separación dunha vivenda respecto ao colector xeral proxectado, instalarase para ela unha fosa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

séptica compacta. Tamén se inclúe no proxecto a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece un prazo de execución dos traballos de seis meses aproximadamente.

MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ O SANEAMENTO DE SETE PARROQUIAS DA PEROXA, NAS QUE INVESTIRÁ 289.000 EUROS

- *As actuacións para mellorar a rede de saneamento levaranse a cabo nas parroquias de San Cibrao, Armental, Cinco Nogueiras, Vilar de Carracedo, Outeiro, Mirallos e Fontefría*
- *A rede de saneamento terá unha lonxitude total de 3.665 metros de colectores e conectarán en varios puntos do Concello*
- *O prazo de execución das obras será de catro meses, e beneficiarán a 2.203 habitantes do municipio da Peroxa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Peroxa. O obxectivo deste acordo é mellorar a rede de saneamento en varias parroquias do municipio ourensán.

Os lugares onde se acometerán as actuacións serán: San Cibrao, Armental, Cinco Nogueiras, Vilar de Carracedo, Outeiro, Mirallos e Fontefría. A lonxitude total dos colectores que conforman a rede de saneamento será de 3.665 metros cun diámetro de 200, 215 e 315 mm. O prazo de execución da rede de saneamento será de catro meses e beneficiará 2.203 habitantes do Concello da Peroxa.

Obras de saneamento

Na parroquia de San Cibrao os colectores instalados sumarán 30 metros de lonxitude e 250 mm de diámetro, e outros 505, 5 metros cun diámetro de 200 mm. En Armental, a rede terá unha lonxitude de 179 metros de 250 mm de diámetro, e outra rede de 200 mm de diámetro cunha lonxitude 511 metros. Os novos colectores nestas dúas parroquias conectarán coa cámara depuradora xa existente no Concello.

Outra das parroquias que se beneficiará será Cinco Nogueiras, que contará cunha rede de colectores de 260 metros de lonxitude e un diámetro de 250 mm. Ademais disto, instalárase unha unidade de depuración formada por un decantador- dixestor con pozos de control de entrada e saída.

En Vilar de Carracedo e Outeiro serán 240 metros de colector de 315 mm de diámetro, outro colector de 324 metros cun diámetro de 250 mm e outro de 186 metros de lonxitude e un diámetro de 200 mm. Ademais disto, procederase a instalar unha unidade de depuración. Esta cámara de tratamento saneará a auga dos 60 habitantes que conforman as dúas parroquias.

Por último, nas parroquias de Mirallos e Fontefría instalaranse 468 metros de lonxitude de colector cun diámetro de 315 mm, outro colector de 329 metros de lonxitude cun diámetro de 250 mm e outro máis de 629 metros e 200 mm de diámetro. Tamén neste núcleo de poboación formado polas dúas parroquias se construíra unha unidade de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

depuración. Esta unidade de tratamento de auga abastecerá os 120 habitantes que conforman o núcleo de poboación das dúas parroquias.

Cómpre dicir que a achega da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, financiará a totalidade do proxecto, xa que os concellos en moitas ocasións non poden asumir o gran custo deste tipo de actuacións, que resultan imprescindibles para garantir a calidade de vida tanto das persoas que habitan durante todo o ano no concello como a poboación estacional, de grande importancia na zona.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 8,3 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR A COMPETITIVIDADE DAS PEMES E CONCEDE ANTICIPOS DE ATA O 50% DAS AXUDAS SEN REQUIRIR GARANTÍAS

- *O Instituto Galego de Promoción Económica abre neste marco, e por primeira vez, unha nova liña de apoio para facilitar a mellora dos equipamentos en xeral para as pemes do sector servizos*
- *Outra nova liña é a destinada a financiar servizos de titoría aberta para que as pemes orienten o seu negocio e melloren a súa competitividade nos factores ou aspectos de xestión onde o precisen*
- *Serán igualmente financiáveis os investimentos tecnolóxicos comprendidos entre 100.000 e 500.000 euros impulsados por pemes galegas*

A consellería de Economía e Industria destinará en 2010, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Ilgape), 8,3 millóns de euros para apoiar proxectos e iniciativas de mellora da competitividade e reorientación das pemes. As bases da correspondente convocatoria, que entrará en vigor logo da súa próxima publicación do *Diario Oficial de Galicia*, recolle a concesión de anticipos de ata o 50% da axuda concedida sen requirir garantías, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta. Con estas bases, o Instituto pretende apoiar as pemes galegas para facer fronte ás dificultades da situación económica actual, así como incentivar a súa preparación para afrontar o futuro desde unha mellor posición competitiva.

Con esta nova concepción dos apoios á mellora da competitividade e, se é o caso, reorientación dos negocios, engarzada no plan re-Forza 2010 do Ilgape, a Consellería de Economía e Industria márcase como obxectivos prioritarios os de incrementar e axilizar os investimentos das pemes galegas en proxectos e iniciativas que faciliten a súa reorientación produtiva e a mellora competitiva de forma urxente.

Ao mesmo tempo, estas bases reguladoras, de carácter anual, servirán para facilitar unha xestión orzamentaria máis áxil e eficiente. A convocatoria de 2009 para incentivar a mellora da competitividade estaba dotada cun orzamento de 9,2 millóns de euros para dous anos; en cambio, estas bases de reorientación e competitividade das pemes para 2010 están dotadas con 8,3 millóns para un só ano.

As bases do Ilgape para apoiar a reorientación e a competitividade das pemes galegas inclúen dúas liñas de nova creación: a destinada a apoiar proxectos de investimento entre 30.000 e 200.000 euros para dotacións e equipamento no sector servizos, que para a Xunta de Galicia ten especial importancia como complemento ou alternativa ao sector industrial; e a destinada a apoiar iniciativas abertas para a titorización da innovación e a competitividade en función das necesidades reais de cada empresa; estas titorías especializadas desenvolveranse nas propias peme e terán como obxectivo orientar o negocio ou a xestión da empresa cara á innovación e a mellora da competitividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, a través destas bases o Igape subvencionará proxectos de investimento tecnolóxico de entre 100.000 e 500.000 euros, incluíndo bens de equipamento de carácter tecnolóxico e adquisición de propiedade industrial e intelectual; do mesmo xeito, as bases financiarán a realización de estudos e análises específicos para adoptar medidas específicas no ámbito da sucesión nas empresas familiares ou no ámbito da implantación de medidas de responsabilidade social corporativa (RSC).

Este impulso á competitividade conecta coa liña recentemente presentada do Plan Re-emprende 2010, que reforza a aposta clara e decidida da Consellería de Economía e Industria para procurar que ningunha iniciativa viable quede sen poñer en marcha por falta de financiamento adecuado.

Mediante o Plan Re-emprende, a Consellería de Economía e Industria prefinanciará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e mediante a concesión de anticipos sen aval de ata o 50% da anualidade da axuda, os proxectos de novos emprendedores que impulsen investimentos de ata 1.500.000 euros. Coa concesión de anticipos e pagamentos á conta sen requirir garantías aos beneficiarios, o Goberno galego busca facer fronte ás dificultades que atopan habitualmente os novos emprendedores para acadar financiamento nas entidades de crédito.

Esta nova medida servirá para incrementar e mellorar os estímulos públicos aos proxectos impulsados por novos emprendedores, no marco dunhas bases que, por outra banda, incrementan desde 500.000 a 1.500.000 os investimentos máximos apoiables. Por outra parte, e ademais dos novos proxectos, poderán ser apoiables mediante subvencións a fondo perdido que cubran entre o 15 e o 40% dos investimentos os proxectos de consolidación ou diversificación temperá que impulsen as empresas de menos dun ano; ata agora, os incentivos do programa emprendedores só eran aplicables a novos proxectos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ADIANTA O 80% DAS AXUDAS A PROXECTOS INNOVADORES DO XACOBEO 2010

- *As axudas da Xunta para a promoción de novos proxectos no contexto do Xacobeo 2010 están dotadas cun millón de euros*
- *Neste acordo o Goberno galego dispón que o adianto das axudas de Economía e Industria aos proxectos innovadores do Xacobeo poderá ser concedido sen necesidade da constitución de garantías a favor da Xunta por parte dos beneficiarios*
- *Ao abeiro desta liña de axudas fináncianse iniciativas orientadas a dar soporte a peregrinos e público en xeral mediante as TIC e para mellorar as tecnoloxías de restauración, inventario e estudo dos elementos históricos, artísticos e culturais vinculados ao Ano Santo*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou á Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% das subvencións acollidas a liña de axudas para o financiamento de proxectos orientados ao desenvolvemento de produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010.

Ademais, neste acordo o Goberno galego dispón que o adianto das axudas de Economía e Industria aos proxectos innovadores relacionados co Xacobeo poderá ser concedido sen necesidade da constitución de garantías a favor da Xunta por parte dos beneficiarios.

As novas condicións establecidas coa finalidade de permitir a concesión de anticipos, sen garantías, vén determinada pola necesidade de facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento co obxectivo de favorecer a posta en marcha de accións encamiñadas a fomentar a innovación empresarial en Galicia.

A Xunta considera estratéxicas as actividades de innovación, no desenvolvemento dunha economía galega baseada no coñecemento. Neste sentido, o Xacobeo 2010 constitúe unha oportunidade para impulsar a innovación galega mediante a promoción dos proxectos directamente relacionados coa celebración deste acontecemento.

As axudas da Consellería de Economía e Industria orientadas a promoción de novos proxectos no contexto do Xacobeo 2010 están dotadas cun millón de euros, que foron habilitados para subvencionar diferentes accións de innovación tecnolóxica. En concreto, o financiamento achegado a través da Dirección Xeral de I+D+i céntrase nas iniciativas orientadas a darlles soporte aos turistas, peregrinos e público en xeral relacionado coa celebración do Ano Santo mediante as tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC).

Ao abeiro destas axudas tamén é posible apoiar servizos de alto valor engadido como son as aplicacións baseadas en dispositivos móbiles para localización ou xeorreferenciación e as ferramentas con aplicación na internet participativa ou web 2.0,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

tales como as redes sociais; a innovación tecnolóxica relacionada coa creación de contidos e plataformas virtuais especificamente vinculados á promoción do Xacobeo 2010 e á posta en valor do patrimonio artístico, histórico e cultural.

Do mesmo xeito tamén se inclúe neste programa o apoio ás actuacións que permitan mellorar as tecnoloxías de restauración, inventario e estudo dos elementos históricos, artísticos e culturais vinculados ao Ano Santo.

Ademais, poden beneficiarse desta liña de axudas os proxectos relacionados coas infraestruturas tecnolóxicas e ferramentas destinadas á creación, difusión ou mellora de servizos audiovisuais de interese para a promoción ou soporte das actividades do Xacobeo 2010, así como aqueles proxectos que, con base nas TIC, permitirán darlle pulo á innovación e á mellora da competitividade e da calidade da oferta turística relacionada co Xacobeo: a promoción dixital do sector, a mellora das relacións cos clientes, o incremento da oferta de servizos e a diferenciación, etc

O Goberno galego está a acumular esforzos para aproveitar a oportunidade que supón o Xacobeo 2010 para Galicia. Por iso, se simplificaron as condicións para acceder ás axudas, destinadas a fomentar proxectos que, co Xacobeo como punto de partida, favorezan o crecemento socioeconómico de Galicia no desenvolvemento das súas capacidades científico-tecnolóxicas, en especial as promovidas no eido do tecido produtivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**TRABALLO E BENESTAR INVISTE 247.000 EUROS NO PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS QUE XESTIONA CRUZ VERMELLA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre o departamento autonómico e esta organización non gubernamental*
- *En 2009, participaron neste programa un total de 148 familias alleas, que permitiron a estadía nun fogar de 222 nenos e nenas*

O Consello da Xunta deu hoxe a súa aprobación ao convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Cruz Vermella de Galicia para a execución do programa de familias acolledoras para o ano 2010. Para este fin, o departamento autonómico inviste un total de 247.000 euros. Este acordo autoriza a concesión dun anticipo do 30 por cento do pagamento da subvención no momento da sinatura.

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre o Goberno autonómico e a Cruz Vermella para proporcionar unha atención temporal en familia allea aos menores en situación de risco, desamparo, ou desprotección social. Trátase de acollelos nun ambiente familiar normalizado, cando non é posible que permanezan na súa familia de orixe (familia extensa) por non existir ou por non ser idónea.

De feito, o acollemento familiar (en familia extensa ou allea) é unha das modalidades de execución da garda dos menores por parte da Administración. Posto que ás veces non é viable o acollemento en familia extensa, é preciso contar cun banco de familias alleas – que xestiona Cruz Vermella, segundo este convenio- dispostas a acoller temporalmente os menores. En función das circunstancias da familia acolledora e do neno acollido, poden recibir unha prestación económica pola súa colaboración.

En 2010, téñense realizáronse varias modificacións para simplificar a xestión deste programa, como é a eliminación no convenio da obriga para Cruz Vermella de retribuír directamente as familias acolledoras, un labor que agora desenvolve a Xunta. A organización non gubernamental ocúpase, pois de difundir o programa e de captar, seleccionar e asesorar as familias durante toda a duración dos acollementos.

Ao longo de 2009 participaron neste programa un total de 148 familias alleas, que permitiron a estadía nun fogar a 222 nenos e nenas. En total, forman parte do banco de familias acolledoras un total de 276 unidades familiares.

Se se teñen en conta tamén os acollementos en familia extensa (xestionados directamente pola Consellería), en 2009 participaron un total de 1.395 familias que acolleron 1.793 menores. Con estes datos globais, o orzamento total destinado a acollemento familiar foi de 3,6 millóns de euros.

A XUNTA RECORRERÁ CONTRA A DECISIÓN DO GOBERNO DE REDUCIR EN 218 MILLÓNS DE EUROS OS ORZAMENTOS AUTONÓMICOS ESTE ANO

- *O Goberno galego interporá este recurso contencioso-administrativo para defender os intereses lexítimos da comunidade*
- *O Executivo autonómico entende que este recorte é contrario tanto á norma que fixa o novo modelo de financiamento como á Lei de orzamentos xerais do Estado*

A Xunta de Galicia recorrerá contra decisión do Goberno central pola que obriga ao Executivo autonómico a reducir en 218 millóns de euros os orzamentos correspondentes a este exercicio.

Esta cantidade deriva da negativa ao pagamento do anticipo dos recursos adicionais do novo sistema de financiamento autonómico por importe de 111 millóns de euros e da conseguinte perda da capacidade de endebedamento.

A titular de Facenda, Marta Fernández Currás, presentou ao Consello da Xunta un informe no que se expón esta situación e se propón recorrer contra esta decisión do Executivo central para defender os lexítimos intereses da Comunidade Autónoma.

Marta Fernández Currás recibiu o anuncio desta minoración de ingresos para as arcas autonómicas o pasado 22 de marzo por parte da vicepresidenta segunda e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado, durante a reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) en Madrid, que se materializou ao día seguinte nunha orde.

De acordo coa explicación do Executivo central, dentro dos compoñentes dos anticipos para o exercicio 2010 non se inclúen os recursos adicionais que se integran no sistema de financiamento autonómico recollidos no artigo 6 da Ley 22/2009, do 18 de decembro.

Gradualidade

A Xunta argumenta que esta norma incumpre o disposto no Acordo 6/2009 do CPFF e recollido na Ley 22/2009, referido ao réxime transitorio e á gradualidade do sistema de financiamento, no que se regulan os anticipos necesarios para que as comunidades autónomas reciban a achega estatal de recursos e fondos adicionais coa gradualidade correspondente ao 70%, 85% e 100%. Ademais, neste punto non se cita ningunha excepción a recursos nin fondos adicionais.

O Executivo galego lembra que a esta gradualidade se referiu a propia ministra de Economía e Facenda na súa comparecencia parlamentaria do 26 de agosto de 2009 cando dixo que o novo modelo recolle a posibilidade de anticipar durante o ano 2010 os recursos adicionais que proporcionou o novo sistema.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Xunta entende que esta decisión tamén é contraria á propia Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, pois prevé un crédito por importe de 9.750 millóns de euros en concepto de anticipo á conta dos recursos e fondos adicionais previstos no sistema de financiamento.